

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, **coloque** este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. O persoal estatutario dos servizos de saúde terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido entre a fin dunha xornada e o comezo da seguinte de:

- A) 24 horas
- B) 10 horas
- C) 12 horas
- D) 8 horas

2. En cada convocatoria, o número de prazas reservadas a persoas con discapacidade de grao igual ou superior ao 33 por 100 será:

- A) Como mínimo o cinco por cento, en número enteiro, das prazas convocadas, ou porcentaxe que se atope vixente con carácter xeral para a función pública de Galicia.
- B) Como máximo o dez por cento das prazas convocadas, ou porcentaxe que se atope vixente con carácter xeral para a función pública de Galicia.
- C) Como máximo o quince por cento das prazas convocadas.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

3. De acordo co artigo 4 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal só se poderán recoller para o seu tratamento:

- A) Cando sexan axeitados, pertinentes e non excesivos en relación co ámbito e as finalidades para as que se obtiveran.
- B) Sempre e cando sexan completos, exactos e actualizados.
- C) Sempre e cando non sexan tratados posteriormente con fins históricos, estatísticos ou científicos.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

4. De acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia polo que:

- A) Todos teñen o deber de coñecerlos e o dereito a usalos.
- B) Todos os galegos teñen o deber de coñecerlos e o dereito a usalos.
- C) Todos teñen o dereito de coñecerlos e usalos.
- D) Todos teñen o dereito de coñecerlos e o deber de usalos.

5. De acordo coa Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cal dos seguintes datos relativos ao proceso forman parte do contido mínimo esixido á historia clínica?

- A) As ordes médicas.
- B) As follas de evolución e de planificación de coidados de enfermería.
- C) Informe sobre os procedementos diagnósticos ou terapéuticos e interconsultas realizadas.
- D) Todos os anteriores.

6. De acordo co artigo 92 da Constitución Española, as decisións políticas de especial trascendencia poderán someterse a referéndum consultivo de todos os cidadáns. O dito referéndum:

- A) Será convocado polo Presidente do Goberno, mediante proposta do Congreso dos Deputados, previamente autorizada polo Consello de Ministros.
- B) Será convocado polo Presidente do Goberno, mediante proposta do Consello de Ministros, previamente autorizada polo Congreso dos Deputados.
- C) Será convocado polo Rei, mediante proposta do Congreso dos Deputados, previamente autorizada polo Presidente do Goberno.
- D) Será convocado polo Rei, mediante proposta do Presidente do Goberno, previamente autorizada polo Congreso dos Deputados.

7. Segundo o artigo 44 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, o conxunto dos Servizos de Saúde da Administración do Estado e dos Servizos de Saúde das Comunidades Autónomas denomínase:

- A) Sistema Nacional de Saúde
- B) Sistema Sanitario Público
- C) Sistema Nacional de Saúde e Sistema sanitario autonómico, respectivamente
- D) Sistema Xeral Sanitario

8. De acordo co establecido no artigo 35 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, as empresas de ata 30 traballadores:

- A) Non contan con delegados de prevención.
- B) Deberán ter un delegado de prevención, que será o delegado de persoal.
- C) Deberán contar con alomenos dous delegados de prevención.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

9. De acordo co artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, o persoal que leva a cabo funcións de inspección sanitaria ostenta o carácter de:

- A) Autoridade sanitaria
- B) Persoal inspector veterinario
- C) Persoal inspector médico
- D) Persoal inspector farmacéutico

10. De acordo co Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, as estruturas de xestión integrada son:

- A) Un instrumento de organización, sen personalidade xurídica, no ámbito periférico do Servizo Galego de Saúde, que asumen con autonomía funcional e de xeito integrado a xestión dos recursos, prestacións e programas de atención sanitaria, tanto no nivel de atención primaria como especializada, así como sociosanitaria e de promoción e protección da saúde.
- B) Un instrumento de organización con personalidade xurídica de seu e plena capacidade, que asumen a xestión integrada dos recursos tanto do nivel de atención primaria como especializada.
- C) Un instrumento de xestión dos recursos, prestacións e programas de atención especializada, que actúan con plena capacidade de obrar e autonomía funcional.
- D) Órganos de xestión e control que actúan, tanto no nivel de atención primaria como especializada, con dependencia funcional e orgánica dos órganos centrais do Servizo Galego de Saúde.

Preguntas de reserva

1. Cal das seguintes non é unha causa de cese do persoal estatutario interino?

- A) A incorporación á praza que desempeñe de persoal fixo, polo procedemento legal ou regulamentariamente establecido.
- B) O abandono do servizo.
- C) A amortización da praza.
- D) O encubrimento, consentimento ou cooperación con calquera acto á comisión de faltas graves.

2. De acordo co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección de persoal estatutario fixo efectuarase:

- A) Con carácter preferente polo procedemento de oposición.
- B) Con carácter preferente polo procedemento de concurso–oposición.
- C) Con carácter xeral polo sistema de concurso.
- D) Polo sistema de concurso cando este resulte mais axeitado en función das características socio–profesionais do colectivo que poida acceder ás probas ou das funcións que estea chamado a desenvolver.

